



# A maldición de Babel

**Elena Neira**

Responsable de Mercadotecnia Edicións B.  
eneira@grupozeta.es

A globalización da información está a demostrar, hoxe máis que nunca, a importancia que ten unha sólida competencia lingüística como vía para desenvolver todo o noso potencial, tanto no eido persoal como no profesional.

O fenómeno comunicativo é na actualidade unha realidade global grazas ás autoestradas da información que, paradoxalmente, convive cunha forte limitación de aptitudes lingüísticas. O caso máis alarmante é o do inglés, sobre todo, na denominada xeración “2.0”. E é sorprendente, á parte, se temos en conta cal é o idioma hexemónico nesta nova forma de comunicación que é Internet.

Chama a atención a rápida “americanización” dos costumes e a escasa permeabilidade que demostra a poboación cara á aprendizaxe dun segundo idioma. Esta fractura comunicativa, especialmente grave no caso dos máis novos, estase traducindo en fortes limitacións no acceso ao mercado de traballo, na medida en que o coñecemento do inglés se converteu en requisito imprescindible para o desenvolvemento profesional: tanto nas relacións internas (comunicacións dixitais, programas informáticos, publicacións de referencia, etc.) como na comunicación externa, dada a constante transnacionalización da armazón empresarial.

As últimas cifras do eurobarómetro (Os europeos e as súas linguas) debuxan un panorama certamente desolador: o 65% dos españois manifesta que non sabe falar, ler, nin escribir en inglés. Buscar solucións a este problema talvez pase por recoñecer as causas de fondo deste fenómeno, o cal nos leva ineludiblemente ao debate

en torno á formulación da súa aprendizaxe.

Eu vivín en primeira persoa dúas formas totalmente opostas de aprendizaxe dun novo idioma. Ademais do castelán (o meu idioma materno) e o galego (a segunda lingua no meu ámbito) vinme exposta dende moi nena a unha lingua estranxeira. Con seis anos tiven o meu primeiro contacto co inglés. Evidentemente, a aprendizaxe estaba formulada como un xogo, pero de forma inconsciente estaba a cimentar o que despois se convertería nunha considerable vantaxe con respecto aos meus compañeiros de aula cando comezou a miña educación de lingua estranxeira “regulada”: non sufría o día antes do exame, cada curso académico reforzaba as competencias adquiridas con anterioridade e tiña unha razoable fluidez na expresión oral. De xeito paralelo á escola, comecei a asistir a clases nas que o profesor nos axudaba a mellorar a nosa comprensión do inglés cotián, vendo filmes e documentais e mostrándonos a cara máis coloquial do idioma. O seguinte paso foron as estadias en países de fala inglesa, onde afianzaba o aspecto dialéctico da lingua. O cara a cara obriga a poñer en práctica todo o aprendido e a desenvolver a dinámica expresión-comprensión.

Por motivos laborais, levo máis de sete anos vivindo en Barcelona. O coñecemento do catalán é en Cataluña unha ferramenta básica para calquera traballo. A situación de aprendizaxe neste caso foi totalmente distinta á miña experiencia anterior. En primeiro lugar, porque era unha adulta cunha necesidade real de aprendelo. En segundo lugar, porque o catalán desempeña un papel socializador determinante. Supón case un bautismo

cultural, clave nunha comunidade autónoma na que o idioma se imbrica dentro da esencia da propia identidade. A actitude, polo tanto, foi ben distinta: mentres que o inglés cumpría, e aínda hoxe cumpre, un papel complementario ao do meu idioma materno, o catalán é un instrumento de desenvolvemento relacional e integración comunicativa.

## A incorporación de varias linguas á nosa comunicación esixe unha actitude receptiva e o establecemento de vínculos de relación, máis alá do noso ámbito máis próximo

Nos dous exemplos que acabo de expoñer existe un compoñente fundamental que, ao meu xuízo, marca a diferenza á hora de aprender calquera idioma. E é que a incorporación de varias linguaxes á nosa comunicación pasa por manter unha actitude receptiva, en canto ao establecemento de vínculos relacionais, máis alá da comodidade e o confort do noso ámbito máis próximo. Pero as vantaxes dos idiomas exceden o terreo laboral: son o vehículo idóneo para o auténtico intercambio sociocultural, a realización persoal e o estímulo do espírito crítico.

Urxe que se tomen medidas para que, sobre todo os máis novos, opten por abriren portas, en lugar de pechalas. A non ser que queiramos seguir deambulando por unha nova Torre de Babel.